

Comunicado de prensa:

FETE-UGT DEMANDA E ESIXE A DOTACIÓN DE PROFESORADO NECESARIA PARA UN ENSINO DE CALIDADE

Con ocasión da planificación dos cadros de profesorado dos centros públicos para o vindeiro curso 2008-2009, estanse a producir unha serie de incidencias que indican un recorte de dotación de profesorado nos institutos e colexios públicos de Galicia.

FETE-UGT ten demandado reiteradamente que todos os centros de secundaria deben contar cunha plantilla orgánica universal de profesorado, que garante un funcionamento idóneo e o desenvolvemento das actividades escolares de xeito normalizado.

Por outra banda, esta organización sindical asinou coa Consellería de Educación o Acordo de 08 de xuño de 2007 que mellora sustancialmente os cadros de profesorado dos centros e as condicións de traballo dos mestres e mestras. Tamén se ten demandado unha redución inmediata da rateo, nomeadamente no ensino infantil.

A Consellería de Educación vén organizando as dotacións de profesorado aos centros faltando ao compromiso dos acordos asinados e utilizando á inspección educativa para que realice os informes con criterios restritivos e laminando os programas de innovación e dinamización que se realizan por parte dos centros.

As Xuntas de Persoal Docente das distintas provincias son os órganos legais de representación do profesorado e nese ámbito, como ten demandado reiteradamente este sindicato, é onde se debe verificar e negociar o cumprimento dos acordos sobre persoal e mesmo a dotación necesaria para os apoios aos equipos directivos, programas, atención á diversidade etc.

FETE-UGT, lamenta e denuncia que non existan criterios coherentes e consecuentes na configuración dos cadros de profesorado dos centros, quedando á capacidade de negociación dos equipos directivos e da inspección a dotación de recursos humanos para os centros. Pois esta organización sindical está recibindo queixas de distintos centros nas que se asevera que co mesmo número de grupos de alumnado, preténdese diminuír os claustros en varios profes.

Esiximos da Consellería de Educación que respecte os acordos asinados en materia de persoal e que manteña as actividades que os centros desenvolven para innovar, renovar, dinamizar e levar adiante proxectos educativos que contribúen decididamente á mellora da calidade do sistema educativo en Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2008.

SECRETARIA DE PÚBLICA DE FETE-UGT/GALICIA.